

ARTE



'Tienes Tiempo', obra de Pablo Genovés que se expón na Galería Babelos de Vigo

# Pablo Genovés, unha morea de imaxes suxerentes

O autor explora a través da vía tecnolóxica novos territorios visuais enriquecedores do medio e a fotografía baixo o seu prisma alcanza unha nova dimensión

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

A obra de Pablo Genovés (Madrid, 1959), exposta ata finais de outubro na Galería Babelos de Vigo, ábralles un mundo apaixonante a aqueles incrédulos que observaban con certo menosprezo a denominado "arte fotográfica". O autor explora a través da vía tecnolóxica novos territorios visuais enriquecedores do medio. Igual que evolucionaron outras técnicas e se mostran cada día novas formas artísticas, así a fotografía baixo o prisma de Genovés alcanza unha nova dimensión de singular riqueza estética.

Percíbese no seu traballo un certo estado de "benestar fotográfico", pletórico de vitalidade e encamiñado a continuas buscas creativas. Mestura a base da fotografía con outras propostas plásticas afíns á instalación ou próximas a técnicas pictóricas e unha audaz utilización dos medios que permiten as tecnolo-

xías dixitais e o uso do cibachrone. O contemplar o seu traballo parecen bordearse os límites entre ambas as dúas modalidades ofertadas e o espectador pode preguntarse se o que se expón é unha fotografía á que se incorpora pintura ou un óleo complementado cunha imaxe fotográfica.

Pablo Genovés é consciente do aluvión de imaxes coas que cada día nos alagan os medios de información audiovisuals ou a prensa. Aproveitando esta sociedade da información, fai provisión desas imaxes para diseccionalas, no lugar de tomalas el directamente; manipúlalas e logra obter efectos similares ós expresados por esta sociedade tecnificada, desfrutando das novas tecnoloxías á maneira en que o cidadán normal calca os botóns do DVD ou do ordenador.

O autor usa varias capas de pintura que simulan querer

ocultar a imaxe ou emborranchala, ó punto de simular obxectos derretidos por unha fonte extrema de calor. Algunhas lembran as formas brandas dalinianas. En ningún caso a imaxe fotográfica obtida deixa de existir porque a acompaña unha fonte escintilante e cegadora de luz que potencia unha obra nun exenta de certo desasosego.

Os iconos habituais manexados polo artista son retazos do corpo humano, sorrisos femininos... A fugacidade do tempo encarnada nunhas mans que sosteñen unha cámara fotográfica ou un cronómetro a modo substitutorio das antigas vanitas que os clásicos representaban a través de reloxo de area. Bailarinas sostidas en falsos equilibrios avanzan en cordas fráxiles ou seguen camiños retortos proclives a despenarse por un precipicio nun camiño marcado. *Destinos incertos* ou *Acantilado*

son unha mostra clara. Obxectos de desexo concretizados na man estruxadora dun cachorro quente, ou as tensións xeradas en toda relación amorosa a través do cupido disparando as súas frechas a un corazón sacado de tantos obxectos de souvenir ofertados polo consumismo, constitúen dous habituais temas da súa imaxinación creativa.

O traballo de Pablo Genovés cabe enmarcarlo no movemento posmodernista. Fixo un apropiacionismo doutros movementos pictóricos próximos á estética pop ou á metamorfose surrealista, xunto a aspectos puramente matéricos que conseguen unha experiencia do mundo semellante a tantos simulacros obtidos pola industria audiovisual. Ó saír da mostra, ó espectador pode embargarlle unha dúbida. ¿Onde está o límite entre o que é real e o que é pura ficción?

CINE

## Christopher Nolan levanta o pé

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO



INSOMNIO

Director: Christopher Nolan  
Intérpretes: Al Pacino, Hilary Swank, Robin Williams

Aínda me saltan na memoria os *flashbacks* cos que Christopher Nolan conducira temerario o matemático crebacabezas de *Memento*. Como se me quedasen tatuados na pel, sinto os lategazos dos cortes de navalla de barbear, o sangue no fío daquela montaxe atrevida, temeraria, dun filme tan suxerente. Conducía daquela Nolan mordendo na intelixencia e co pé a fondo, premendo no acelerador da busca, da innovación. ¿Sería moito esixirlle que continuase a tal velocidade, sen ergue-lo pé do acelerador? Tal vez, desde logo en *Insomnio* fai concesións, afrouxa, levanta o pé, calquera podería firmar unha película así.

*Insomnio* é unha película máis que enfronta a intelixencia dun criminal malvado contra a ética e culpabilidade dun policía atrapado pola contradición no que o entala o dilema entre os fins e o medios. Situada na luz de Alasca, prendida dun guiño aceptable pero visto, desenvólvese con artesanal factura entre un thriller psicolóxico e un videoclip de acción e persecucións inquietantes. Nin o grave dilema moral no que se atopa o protagonista Will (Al Pacino, o de sempre, idéntico ó doutras películas) nos afecta, nin a fría maldade do asasino (Robin Williams, agora escorrido cara a papeis máis tenebrosos) nos atemoriza. Certo que por momentos sorprende o director con algún lóstrego propio daquel temerario piloto.

Nolan parece que pide un respiro ou acepta unha pausa para penetrar no mundo da gran produción, e iso repercute neste filme aceptable, entretido, no que o dilema que perforce na conciencia de Al Pacino deixa sen dormir ó pobre home seis noites e seis días, ata que nas peores condicións toma a decisión transcendental. En fin, unha película na que Nolan vai rápido ás veces, pero sempre por autoestrada, sen tráfico e piloto automático, sen risco, e así conduce calquera.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOZA

# CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE